

Falamus!



Nº1. Xuño de 2009



E A GAÑADORA É...

CITAS, “NON PODEMOS ESTUDAR POR TI”, CONCERTOS, “OS PROFES RECOMENDAN”, CURSO CON ALBERT NIETO, LETRAS GALEGAS 2009, E MOITO MÁIS...

Editorial

E seguimos...

Este novo número da revista “Falamus” do Conservatorio Profesional de Música Xan Viaño de Ferrol demostra que seguimos coa nosa teima de facer desta revista un foro no que se reunan a carón dela todos os colectivos do centro.

Nela faise un percorrido por algunhas das actividades que desenvolvemos durante o presente curso 2008-2009. Non están todas porque sería unha revista moi longa pero son un bo exemplo do día a día no Conservatorio.

Aparecen referencias dalgúns dos nosos concursos, dos intercambios, dos cursos de perfeccionamento, do traballo que se está a facer por acadar proxectos internacionais, entrevistas a antigos alumnos (nin podemos nin queremos esquecernos deles), artigos de opinión, celebracións coma a das Letras Galegas, etc... Toda esta actividade e esta revista non só é posible grazas á xente que se ve senón tamén a eses colaboradores invisibles pero que sen a súa axuda non se podería ter feito este traballo. Non quero esquencermos de ninguén e por eso grazas a todas e todos por facer que o traballo resulte máis doado ou, alomenos, máis agradable, e por pór nas nosas mans esta revista que nos permite lembrar a nosa traxectoria durante o curso.

Os meus parabéns e o meu alento.

A seguir coa teima!!!.

J. M. Yáñez Carballeira,

Director do CMUS “Xan Viaño”

CONTIDOS

Varios.....	3
Letras Galegas 2009.....	4
Citas.....	6
“Non podemos estudar por ti”	8
Ruperto Chapí.....	9
Entrevista: Proxectos Internacionais.....	10
Novas Breves.....	12
Os profes recomendan.....	13
Imos a un Curso de Piano.....	14
Benzón, de Guadi Galego.....	16
O Xan Viaño Solidario.....	17
Finalistas Concurso Fotografía.....	18
Concurso Corda Frotada e Pulsada.....	21
Celebración das Letras Galegas.....	22
Caderno de Viaxe.....	24
Crónica dun Concerto.....	26
Xan Viaño Info.....	28

falamus!: Avda do Mar 4-6 Esquina Telleiras, Caranza – FERROL #Teléfono: 981 333317-618 619 001

Web: <http://centros.edu.xunta.es/cmusxanviano> #Mail: cmus.xanviano@edu.xunta.es

Edita: Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística do CMUS “Xan Viaño” de Ferrol

Coordinadora: Iria Rico #Docentes: Xosé Crisanto Gándara, Alexandra Pita, Iván Abal, Ermitas García

Deseño gráfico: Iván Abal #Estudantes: Tareixa Rascado, Federico Pedreira, Marta Varela, Helena Varela, Andrea Puy Gómez

Persoal non docente: Loli González #Foto Portada: Rita Calvo

Colaboradores: Begoña Álvarez, Emma Urango, Fanny Bustabad, Lidia Espido, María Prieto, Benjamín Iglesias, Enrique Agrelo, Ramón Dopico, Iria Folgado.

Esta edición da revista FALAMUS está baseada en gran parte do traballo realizado por Emilio Mesías na edición anterior, *graciñas compañeiro!*

Falamus non se fai responsábel das opinións dos colaboradores

VARIOS

'Mostellaria', de Federico Pedreira, gañou o Concurso de Composición

O pasado Venres 15 de maio, celebrouse no Salón de Actos do 'Xan Viaño' o concerto que poñía fin ao procedemento. Cos inevitables nervios de familiares e compositores, a sucesión das catro obras interpretadas amosaron a calidade do *Concurso de Creación Musical para Novos Compositores*, que neste ano celebra a súa Vª edición.

O xurado, formado por Paulino Pereiro, compositor galego de recoñecido prestixio e xa habitual en edicións pasadas, Juan Pérez Berná, Secretario da Asociación Galega de Compositores, e Jorge Montes, profesor de violín do centro, reunírase o 30 de marzo para deliberar sobre as nove propostas presentadas. As bases do concurso establecían que o xurado decidise cales delas merecían ser estreadas en concerto, de aí que fosen tres obras, "O son do ar cando chora", de Iván Fernández, "Andante", de Iria Folgado, e "El canto de las ballenas jorobadas", de Sofía Infante, as merecedoras de honra semellante.

Pero sen dúbida a estrela da tarde foi 'Mostellaria', de Federico Pedreira, alumno de piano en 3º de Grao Profesional, a que acaprou os maiores aplausos, e que resultou premiada co 1º premio na 2ª categoría. "A peza está inspirada nunha comedia de Plauto", manifestaba Pedreira, que incidía en "evadir ó oínte a unha situación surrealista de patricios e escravos que, con todo, pode ter lugar na actualidade do século XXI".

Os intérpretes, todos eles profesores do Xan Viaño, amosaron a súa calidade e destreza en tanto que algunhas pasaxes das obras incluían momentos de verdadeira virtuosidade. O premio foi entregado por Paulino Pereiro.

ENDL

Paco e Lorenzo, Grazas

Quixera aproveitar a revista Falamus para agradecer ós profesores de clarinete, Paco e Lorenzo, o sacrificio que fixeron polos alumnos de Mar, que quedaron sen profesor de instrumento no Entroido e sen substituto en perspectiva.

Tanto Lorenzo como Paco sacrificaron as horas libres de que dispoñían (e sen cobrar, claro) para que estes alumnos non se viran perxudicados pola situación. Por suposto, a Xunta non premia a xenerosidade, pero os pais estámovos infinitamente agradecidos.

Por Margarita Salgado (nai de alumna)

O "Tío Xan"

Dende o ENDL queremos agradecer a colaboración de Lorena Martínez na realización da figura que nos acompañou en diferentes carteis, e publicacións.

Graciñas, Lorena!



LETRAS GALEGAS 2009

Galeguismo e cultura: Ramón Piñeiro

Este ano celebramos a 47ª edición do Día das Letras Galegas. E nesta ocasión, a conmemoración da festa principal da nosa cultura está adicada a un home que fixo do galeguismo a súa razón de ser, en actividades sempre relacionadas coa cultura e levadas á súa máxima expresión no xeito de facer país.

Ramón Piñeiro López naceu en Armea de Abaixo, aldea do concello de Lunceda, o 31 de maio de 1915. Escritor, filósofo, ensaísta e político, aparece como un dos principais artífices da reconstrución cultural galega na posguerra. Fillo de labregos, e tras os estudos primarios, con nove anos vai vivir a Lugo onde estudou o bacharelato para regresar despois a Armea e máis tarde instalarse en Sarria, en 1931, onde traballou como contable na ferraxería dun amigo do pai. Ao pouco proclamouse a República e, no decurso da campaña electoral, Piñeiro asistiu nesta localidade a un mitin que deron tres grandes do galeguismo republicán, Xulio Sigüenza, Lois Peña Novo e Ánxel Fole, e o que alí escoita esperta o seu sentimento galeguista e o seu interese pola cultura e a política galegas.

En 1932, de novo en Lugo para estudar o bacharelato superior, participou na fundación das mocidades do Partido Galeguista xunto a outros compañeiros de instituto, e pronto foi nomeado Secretario de Cultura. Alí coñeceu a Ramón Otero Pedrayo, a raíz dunha conferencia organizada polos alumnos do instituto, e, en 1933, con ocasión dunha asemblea do Partido Galeguista, a outros persoeiros do galeguismo político, como Castelao,

Bóveda, Fole, ou Pimentel.

Ante o alzamento militar de xullo de 1936, o Gobernador Civil de Lugo, García Núñez, organizou unha comisión asesora cos partidos políticos en defensa da República, comisión na que Piñeiro e Ánxel Fole representaban o Partido Galeguista. A Garda Civil non tarda en ocupar o edificio, o 20 de xullo, para deter ao Gobernador e aos que o acompañaban. Piñeiro logra escapar, simulando ser un simple funcionario, e acode á sede do partido, onde reparte con outros compañeiros que alí estaban as fichas e libros de actas para



agochalos nas súas casas. En agosto, avisáronlle de que fora denunciado pola súa militancia política e por posuír armas, e marcha a refuxiarse a Armea. Cando ao pouco volve a Lugo comproba que se manteñen as denuncias contra el e decide seguir o consello dos seus amigos de incorporarse ó exército e loitar na guerra civil no bando nacional, na fronte de Aragón.

Durante a súa estancia na fronte aínda tivo que soportar novas denuncias contra el, non entanto o máis doloroso foi

comprobar a progresiva insensibilización dos seus compañeiros ante a morte e o sufrimento, o que lle provocou unha depresión que esixiu tratamento médico. Semella que desta experiencia naceu o seu interese pola filosofía, na busca dunha resposta á deshumanización que observara.

Rematada a guerra civil, Piñeiro regresa a Galicia e entra en contacto cos antigos compañeiros do partido que aínda quedaban vivos ou non fuxiran ó exilio, cos que comeza a plantexar a reorganización do Partido Galeguista na clandestinidade. Froito destes contactos foi a reconstrución en xullo de 1943 do Partido Galeguista na clandestinidade, tendo a Ramón Piñeiro como Secretario Político.

En abril de 1946, foi arrestado cando celebraba unha reunión clandestina nunha cafetería madrileña e como consecuencia desta detención, permaneceu tres anos na cadea. Sae do cárcere en marzo de 1949 e en 1952 casa con Isabel López García en Xixón, establecéndose en Santiago onde vivirá o resto da súa vida.

Un dos aspectos máis relevantes da actividade cultural de Ramón Piñeiro dáse o 25 de xullo de 1950, cando se acorda en Santiago a creación da Editorial Galaxia, a primeira editorial adicada a desenvolver a lingua e a literatura galega e que Piñeiro dirixiu ata 1966. Comezou a publicar libros en galego e sobre asuntos relacionados con Galicia, á vez que servía de canle de participación a moitos galegos que, sen querer “meterse en política” podían, así, axudar á expansión da lingua e cultura galegas. Foron aparecendo, deste xeito, textos básicos como a *Historia da literatura galega*, de Fernández del Riego, *Historia de Galicia*, de Risco ou a *Gramática elemental del gallego común*, de Carvalho Calero.

No transcurso da seu labor de promoción e difusión culturais participou en diferentes tertulias cós persoeiros principais do galeguismo político e cultural, pero moito máis coñecida é a súa atención case diaria a mozos e estudantes que acudían ó seu domicilio, e a quen Piñeiro dirixía e estimulaba nesas célebres conversas ó redor da súa mesa camilla. Moitos dos que hoxe conforman as elites culturais e políticas da Galicia do século XXI foron escoitados e aconsellados alí.

En 1963, e coa intervención tamén de Piñeiro, nace en Vigo a Fundación Penzol. Tamén aparece neste tempo a revista Grial, que dirixe xunto a Francisco Fernández del Riego. Esta revista foi un dos primeiros obxectivos de Galaxia, pero a censura imperante nese momento non lle concedeu os permisos que necesitaba ata esa data.

En 1966 trasládase a Estados Unidos, como profesor invitado da Universidade de Middlebury, en Vermont, onde impartiu cursos de verán sobre o pensamento español, entre esa data e 1970.

O 25 de novembro de 1967 ingresa na Real Academia Galega, co discurso “A lingoaxe i as lingoas”, e que se baseaba no carácter da lingua galega como signo de identidade do pobo.

En 1983 foi elixido primeiro presidente do Consello da Cultura Galega, cargo que desempeña ata o seu pasamento. Finalmente, en xaneiro de 1990 morre a súa dona, Isabel López e, o 27 de agosto de 1990, morre el.

En 1993 foi inaugurado o Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, institución que en 1997 pasou a denominarse Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

No ano 2000, a Editorial Galaxia comezou a convocar os Premios Ramón Piñeiro de ensaio e, en 2003, o Centro Ramón Piñeiro convocou os Premios Centro Ramón Piñeiro de ensaio breve. Na actualidade, ámbolos dous premios fican unificados baixo a denominación Premio de Ensaio Ramón Piñeiro.



A Real Academia Galega decidiu o 5 de xullo de 2008 adicarlle o Día das letras galegas do ano 2009. Xustificou a designación pola súa dedicación total e desinteresada á defensa de Galicia e da súa cultura, o que o converte nun referente moral indiscutible e necesario para as novas xeracións. Os seus traballos e as súas traducións supuxeron un paso decisivo para a normalización do galego como lingua con capacidade para expresarse en todos os campos do saber.

ENDL

(Fotos: http://centros.edu.xunta.es/ceipdeponzos/webcentro/images/stories/actividades/calendario/ramon_pi_eiro_lopez.jpg; <http://blogs.prensaescuela.es/1colaboramos/tag/audio/>)

CITACÍ CITA TEZ تاداهش تسال
Citas 引文
citations 文
ZITATE ετεροαναφορές
cites



Por Begoña Álvarez

CITAS DE MÚSICA E DE MÚSICOS

1. “A música debería ser unha forma de maxia e histeria colectiva.”

Pierre Boulez (1963)

2. “Algún día serei quen de relaxarme un pouco, e intentar conseguir chegar a ser un bo compositor.”

Benjamin Britten

3. “Sabedes que a vosa alma está composta por harmonía?”

Leonardo da Vinci

4. “O reino das harmonías sempre foi para min un mundo de soños.”

Edvard Grieg

5. “A melodía é o principal; a harmonía é só útil para compracer ó oído.”

Joseph Haydn

6. “A atonalidade non é máis que manter un estado tonal ambiguo das cousas. É a negación da harmonía como método estrutural.”

John Cage (1949)

7. “Para gloria do Deus máis supremo, e para o meu veciño, para que aprenda”.

Epígrafe de “El pequeño libro de órgano”

J.S.Bach (1717)

8. “Se Bach segue a tocar dese xeito, quedarémonos sen órgano en dous anos, ou a maior parte da congregación quedará xorda.”

Membro do Consello de Arnstadt (1705)

9. “Tiven que traballar duro. Calquera que traballe o mesmo ca min triunfará coma min.”

J. S. Bach

10. “Bach é o deus inmortal da harmonía”

Ludwig Van Beethoven

19. “Quítese os sombreiros, cabaleiros, velaquí un xenio!” (refírese a Chopin)

Robert Schumann

11. “Bach non pertence ó pasado, senón ó futuro, quizáis un futuro próximo.”

George Bernard Shaw (1947)

20. “Bach é coma un astrónomo que coa axuda das cifras, atopa as estrelas máis belas... Beethoven abrazou o universo coa forza do seu espírito... eu non aspiro a tanto. Hai tempo que decidín que o meu universo serían a alma e o corazón do home.”

Frédéric Chopin

12. “Se o vento e maila auga puideran compoñer música, soaría como a de Ben.” (refírese a Benjamin Britten)

Yehudi Menuhin (1981)

13. “Bruckner! El é o meu home!”

Richard Wagner

21. “Poderían aplaudir as persoas que ocupan as localidades máis baratas? O resto con que fagan soar as súas xoias...”

John Lennon (1963) no Royal Command Performance

14. “Cage non é un compositor, senón un inventor, de xenialidades.”

Arnold Schoenberg

22. “Aquel que sabe facer cancións, ben acaba.”

Geoffrey Chaucer no prólogo de Os contos de Canterbury

15. “A adaptación de música a un poema debe ser un acto de amor, nunca un matrimonio de conveniencia.”

Francis Poulenc

23. “Debes saber o que queres.”

Nadia Boulanger, consello dirixido ós xóvenes compositores.

16. “Dado que o canto é tan boa cousa, oxalá tódolos homes aprenderan a cantar.”

William Byrd (1588)

24. “Ser compositor e non ser músico é unha traxedia; é como ter inxenio e non ter talento.”

Nadia Boulanger (1976)

17. “Quen toca un instrumento debe estar familiarizado co canto”

Georg Philipp Telemann

25. “Está claro que a primeira condición para que un sexa considerado compositor é estar morto.”

Arthur Honegger (1951)

18. “Son un revolucionario, o diñeiro non significa nada para min.”

Frédéric Chopin (1833)



Por Emma Urango

NON PODEMOS ESTUDAR POR TI

O outro día, ao finalizar unha clase, un alumno X propúxome escoitar un grupo de heavy formado exclusivamente por violonchelistas. Apocalyptica, creo. Púxenme o “pinganillo” no oído e descubrín o horroroso que resulta a música nestes pequenos aparellos de música chamados mp3, mp4 ou iPod, a un volume torturador.

Os rapaces deberían saber que o uso continuado destes dispositivos crea adicción, trastornos de audición e perdas auditivas irreparabeis. O problema, e díxome un físico, é que estes reprodutores permiten escoitar música a un volume que pode chegar aos 112 decibelios, cifra similar ao despegue dun avión. Qué barbaridade! -pensei.

Pero aí seguen, co “pinganillo”, polos corredores ou, o que é peor, co teléfono móbil a todo volume e unha música insufrible tocando os pés a cantos nos atopamos ao redor.

Cada día suxirolles aos meus alumnos que baixen o volume dos seus auriculares, pero debe gustarlles o efecto pernicioso e nocivo, porque non fan caso. O dano producido por un mp3 caracterízase (informada por un otorrinolaringólogo) por pasar desapercibido. Vexo como próximas décadas os nosos alumnos, e futuros intérpretes, van estar un pouquiño escasos de oído. Reconfortante..., non?

Máis reconfortante e saudable debe ser o sermón que aguantan cada vez que chegan a clase sen estudar, ou sen estudar o suficiente, sen ensaiar co grupo de cámara, ou conxunto instrumental, ou sen mirar nin un só pentagrama das partituras de orquestra ou banda. Non vou entrar no ritmo e lectura, porque daquela me enervo.

Debe de gustarlles moito, si señor. Todas as semanas o mesmo:... *non está ben medido, o Ré está baixo, o instrumento non está ben afinado, pasa o arco recto, non levantes o cóbado, baixa o ombro, aguanta a frase, respeta a respiración, non apretes os labios,*

traballa o dobre picado, senta ben, limpa o instrumento, non, non, repite, non, outra vez, non, o vibrato é horroroso, deixa que che explique, mira, escoita, move máis rápido, o dedo, o talón, máis legato no cambio de arco, máis piano por favor....coida o son.

Un día, outro día, semana tras semana, 30 clases individuais por curso, 30 horas...en instrumento, en cámara, en orquestra, en banda, en conxunto...30 horas x 4 materias son 120 horas repetindo o mesmo...


É unha tarefa dura, pero moi reconfortante se se obteñen resultados a corto, medio prazo, hai alumnos que enseguida mostran os seus froitos e o seu esforzo e cólmannos de boas escalas, exercicios e execución case correctas de estudos, obras... Pero., cando non chegan eses resultados? Pois esa clase que podería ser lúdica, entretida e produtiva, se convirte nalgo desmotivador, monótono, carente de emoción, de interés para ambos, profesor e alumno.

Cando escoitamos: é que “menganito”, está desmotivado, ou a “fulanita” cóstalle moito poñerse a estudar, non saca o instrumento do estoxo, ou “Faemina” vaise dar de baixa porque quería tocar o piano (instrumento marabilloso, sen dúbida, pero que require moitas horas de traballo, como todos) e a tuba pesa moito. Somos conscientes do esforzo que realizan os nosos alumnos, pero paga a pena. Afortunados os profes de dedicármonos ao que máis nos enche, e afortunados os alumnos cuxos pais animan, traen, compran material e se preocupan de que obteñan unha educación musical á marxe da ESO ou do bacharelato. Serán conscientes da sorte que teñen por seren os “elexidos”? Saberán aproveitar cada minuto de permanencia no centro? Moitos sí; pena dos outros...

Quen motiva ó profesor? Quen levanta o seu ánimo alicaído cando apenas quedan recursos para seguir dando clases con interese?

RUPERTO CHAPÍ

(1851–1909)



Por Fanny Bustabad, 4º G.P.

No 25 de Marzo deste ano, cúmprense cen anos da morte de Ruperto Chapí. Por este motivo, estimamos oportuno un breve percorrido pola súa traxectoria musical, dando así a coñecer o seu destacado talento e as súas exitosas creacións.

Ruperto Chapí Lorente naceu en Villena (Alicante) o 27 de Marzo de 1851 e faleceu en Madrid o 25 de Marzo de 1909. Foi un dos máis destacados creadores do s. XIX co que o teatro lírico español chegou ás súas cotas máis altas.

A súa obra, inxente, abarcou trinta anos de traballo, con máis de cen obras adicadas ao teatro por horas, zarzuelas grandes, óperas, música sinfónica, de cámara e obras breves de salón.

Se tiveramos que dividir en períodos a obra de Chapí poderíanse establecer tres grandes épocas:

A primeira etapa corresponde a un momento, notablemente longo, de formación (1851-79), onde é importante a influencia do ambiente musical da súa cidade e da súa familia. Nestes vinteito anos temos que destacar obras como o oratorio *“Los ángeles”*, unha pequena peza denominada *“Amapolá”*, un poema sinfónico *“Un día entre bosques”*, a súa primeira zarzuela *“Estrella del bosque”*...

A segunda etapa (1880-1898) é, sen dúbida, a máis rica en acontecementos musicais. Foi a época das grandes creacións líricas, dende *“Música Clásica”* a *“La Revoltosa”*, pasando por *“El tambor de granaderos”*, *“La Tempestad”* ou *“La bruja”*. As pretensións de Chapí sempre foran encamiñadas a obras máis ambiciosas, pero a situación dos compositores na España do S. XIX non permitía

máis que unha liña, e esta era a zarzuela. Outras obras destacadas deste período son *“Las dos huérfanas”*, *“Fantasía morisca”*, *“Madrid y sus afueras”*, *“La serenata”*, *“El milagro de la Virgen”*...

A terceira etapa (1899-1909) constitúe os últimos anos da carreira produtiva de Chapí, que foron os máis irregulares da súa obra. Ao lado de composicións excelentes deixou outras dun nivel moito máis discreto. A pesar de que Chapí seguía sendo o gran nome de prestixio, sobre todo a raíz da súa labor na Sociedade de Autores, xurdiron

autores que competiron con el en talento e fama, aínda que tan solo foi momentaneamente. Estes últimos anos supuxeron para Chapí a notable preocupación de deixar arranxado o problema da necesaria constitución dun xénero dramático nacional de altos voos. Obras que destacan na súa última etapa son *“La cara de Dios”*, *“Los buenos mozos”*, *“El barquillero”*, *“Margarita la Tornera”*, *“El tío Juan”*, *“El maldito dinero”*...

Chapí viuse favorecido polos aportes das xeracións novas que, a través de autores como Serrano e Vives, semellaron dar un novo aire á música e, loxicamente, ao xénero. En resumo, perfilamos a traxectoria dun músico que contribuíu de forma notable ao desenvolvemento dun dos principais xéneros dramático-musicais en España na última centuria.

Bibliografía

García Iberní, Luis, “Chapí Lorente, Ruperto” en Emilio Cassares Rodicio et alii (eds.), *Diccionario de la Música Española e Hispanoamericana*, Madrid, SGAE, 1999, vol. 3, pp. 542-566



Ruperto Chapí

ENTREVISTA

GRUPO DE DINAMIZACIÓN DE PROXECTOS INTERNACIONAIS



en pleno traballo...

non tiñamos experiencia de cursos pasados, foi preciso adicar bastante tempo a buscar información sobre as posibilidades que ofrecen os Programas Europeos. O traballo do equipo consiste en elaborar proxectos e presentalos coa intención de obter as axudas que a Unión Europea dispón para tal fin. Tamén buscamos

Falamus: Durante este curso 08/09 ponse a funcionar por vez primeira no CMUS “Xan Viaño” o equipo de Dinamización de Proxectos Internacionais, composto polas profesoras Alexandra Pita Evia, Lidia Espido e Ermitas García Ríos. En que consisten as vosas actividades e que obxectivos queredes acadar?

Ermitas: En primeiro lugar a función do equipo consiste en realizar as actividades de organización necesarias para compartir experiencias de formación no estranxeiro: isto abarca moitos tipos posibles de intercambio nos que poderán implicarse tanto estudantes como docentes. Como

contactos no estranxeiro, pois para algúns dos proxectos é imprescindible ter contactos previos con outros centros educativos ou institucións. Reunímonos semanalmente para poñer en común o traballo individual. Os nosos obxectivos son: fomentar o interese por compartir experiencias musicais con compañeiros/as de outros países, obter axudas económicas para o financiamento dos proxectos e permanecer cada vez máis presentes nos circuitos de proxectos internacionais.

Falamus: Concretamente, que proxectos tedes preparados?

Alexandra: Neste curso puxemos en marcha dúas iniciativas: a acollida dun axudante Comenius para o departamento de Linguaxe Musical e Piano e unha Asociación Comenius Regio coa Escola de Música Arteduca en Vilanova de Famalicão, no norte de Portugal. En xuño saberemos se algún deles foi concedido ao noso centro.

Falamus: E que é iso de Comenius e do axudante?

Lidia: O Proxecto Comenius debe o seu nome ao filósofo checo Amos Comenius, considerado o pai da Pedagogía. Podemos dicir que Comenius é para a Educación Primaria e Secundaria o mesmo que Erasmus para a Educación Universitaria. Este tipo de proxecto comprende infinidade de actividades destinadas a abrir as fronteiras europeas. Entre elas escollemos a asociación Comenius Regio que nos permitirá traballar conxuntamente cunha escola dun país fronteirizo (neste caso Portugal). Ademais, interesounos a acollida dun axudante Comenius, un profesor estranxeiro que estará con nós durante parte do próximo curso.

Falamus: As/os estudantes do “Xan Viaño” poderán coñecer outros centros?

Ermitas: Si, desde este conservatorio xa se viña promovendo unha actividade extraescolar anual que consistía nunha excursión, normalmente dentro de España. Agora, aproveitando a posibilidade de obter axudas, gustaríanos comezar a traspasar fronteiras. De feito os proxectos actuais xa contemplan intercambios entre as orquestras, bandas e coros.

Falamus: Cales son os proxectos para o vindeiro ano?

Alexandra: Estamos a preparar unha asociación multilateral con conservatorios de varios países europeos. Polo momento establecemos contactos con centros de Bélxica, Polonia, Francia, Holanda e Portugal, para traballar nun proxecto común destinado a descubrir e compartir as nosas músicas e músicos.

Falamus: Que tal o traballo en equipo?

Lidia: Estupendamente, o traballo foi moito pero levamos camiño andado para cursos vindeiros.


Para o proxecto do Comenius Regio contamos coa valiosa colaboración do Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística e do noso director.

Falamus: Pode o resto da comunidade educativa participar nas vosas actividades?

Todas: Por suposto! As actividades están pensadas para todo o centro. Se todo o mundo se implica o “Xan Viaño” terá máis posibilidades de ser “europeo”. Como dixemos antes, para algúns dos proxectos é imprescindible ter contactos previos, polo tanto convidamos a todos os que coñezan algún centro ou institución en Europa a que colaboren con nós.

Na nova páxina web do centro, nestes momentos en construción, dispoñemos dun espazo propio desde onde vos manteremos informados.

ENDL



NOVAS BREVES

Laura García Aramburu, felicitada por Alianza Música

Así foi. Laura García Aramburu, alumna de 4º GP no 'Xan Viaño', foi felicitada expresamente polo traductor castelá da última edición do manual máis utilizado no mundo en Hª da Música, que vai xa pola súa oitava edición. Laura detectou un erro nun dos capítulos -o manual ten máis de 1000 páxinas- e, tras consultar a edición orixinal americana -dispoñible na biblioteca do centro-, decidíuse a escribir á editorial, sen moitas esperanzas.

A súa sorpresa foi grande cando hai poucas semanas recibiu a resposta do traductor: "Dábame as grazas por facerlle notar o erro e pedíume o escaneo da páxina do orixinal en inglés", manifestaba con orgullo Laura. O autor quere facer as modificacións pertinentes en próximas edicións grazas á labor desta perspicaz estudante.


Parece evidente que @s nos@s alumn@s non só acadan trunfos no mundo da interpretación, senón tamén nos eidos da crítica textual.

Noraboa Laura!!

ENDL

Burkholder, J. Peter – Grout, Donald J. – Palisca, Claude V., *A History of Western Music*, Nova Iorque, Norton, 2005 (=traducción española: Madrid, Alianza, 2008)

Foto: <http://www.wwnorton.com/college/music/grout7/home.htm>



"Unha imaxe, unha melodía... un recordo: Percorrido gráfico e sonoro pola música tradicional de Ferrolterra"

A A.F.C. Berros do Castro, consciente de que o patrimonio fotográfico é o documento básico no século XX para plasmar a vida da sociedade galega, está a desenvolver un proxecto de investigación titulado *Unha imaxe, unha melodía...*



Por Ramón Dopico (ex-alumno do Xan Viaño)

Neste proxecto estase a recompilar imaxes referidas a formacións tradicionais e artesáns de instrumentos das comarcas de Ferrol, o Eume, e Ortegal. O obxectivo principal da exposición de imaxes é o de configurar unha historia gráfica da música tradicional nestas comarcas que axude a comprender a evolución musical sufrida polas formacións, e a dignificar a todas as persoas que fixeron aportacións a este tipo de música. A exposición divídese en catro partes: artesáns, músicos solistas, os grupos de gaitas, e os conxuntos para bailes e agarrados.

A seguinte etapa é a panelización das fotografías, de cara a facer unha exposición itinerante polas comarcas que son marco xeográfico deste proxecto (Ferrol, Eume e Ortegal).

A investigación etnográfica musical adoita centrarse na busca de melodías ou no estudo de instrumentos e traxes de distintas zonas de Galicia. A recolleita é imprescindible para que non se perda a historia da música tradicional ao desaparecer as xeracións. Unha pequena escolma de fotografías está accesible a través do espazo web do grupo musical da Asociación, a través do seguinte enlace:

<http://www.nsaio.org/berrosdocastro>

Queres facer un agasallo e non sabes que mercar?

Os profes recomiendan...

Libros	Nicholas cook: <i>De Madonna al canto gregoriano</i>  (http://www.alianzaeditorial.es/cgigeneral/newFichaProducto.pl?obrcod=381751&id_sello_editorial_web=34)	Concertos de Trompa e toda a música de cámara de <i>Mozart</i> (Ed. Barenreiter)  (www.baerenreiter.com)	Suites de <i>J. S. Bach</i> para Cello solo (Ed. Barenreiter)  (www.baerenreiter.com)
Cd's	Rostropovich, "The russian years" (Emi Classics)  (http://www.emiclassics.com/)	Dennis Brain, Mozart Horn Concertos (Emi Classics)  (http://www.emiclassics.com/)	Paco Charlín, "The Game" (Free Code Jazz Records)  (http://www.freecodejazzrecords.com/control.php?sph=a_itp=2%a_id=18%a_iap=1004)
DVD's Cursos de Verán	Todos os de Classic Archive de Emi Classics  (http://www.emiclassics.com/)	Mahler II sinfonía, Orquestra do Festival de Luzern 2003 (Euroarts)  (http://www.emiclassics.com/)	Curso de verán: II Forum internacional Torrelodones 2009  (www.foruminternacionaldemusica.com/)

Esta sección foi feita coas aportacións de Xosé Crisanto Gándara, Emma Urango, Enrique Agrelo, Iván Abal e Benjamín Iglesias.

Imos a un Curso de Piano con... Albert Nieto



Por María Prieto,
1º G.P.

BIOGRAFÍA DE ALBERT NIETO

Diplomado con Gran Distinción e o premio Alex de Vries no Conservatorio de Ambers.

Tivo a ocasión de tomar clases maxistras con Almudena Cano, Jordi Mora, Boyan Vodenitcharov...

Estivo actuando como Solista en Orquestas como a Sinfónica de Bilbao, Barcelona, Baleres, etc..., foi membro fundador do Montsalvatge Piano Quartet e do Trio Gerhard.

Interesado en difundir a música Española estreou máis de sesenta obras de compositores españois, destacando a "Harmonía" de X. Montsalvatge e "Aulaga 1" de J. Hidalgo.

Gravou discos como pianista de música de cámara de compositores como Guridi, Luis de Pablo, etc... (e de ata 30 compositores contemporáneos).

Como pedagogo estivo durante dezaseis anos ao fronte do departamento de piano no Conservatorio Superior de Música "Jesús Guridi" de Vitoria-Gasteiz do que foi director e actualmente é Catedrático de piano no Conservatorio Superior de Música "Salvador Seguí" de Castellón.

É convidado por distintos conservatorios profesionais para impartir cursos tanto a alumnos como profesores.

Escrebe con bastante regularidade artigos para revistas especializadas en alternativas pianísticas. É autor de varios libros como:

- *La digitación pianística,*
- *Contenidos de la técnica pianística,*

- *El pedal de resonancia*
- *La clase colectiva de piano.*

Tamén foi vicepresidente fundador da EPTA-España (Asociación Europea de Profesores de Piano).



Albert Nieto (www.musikeon.net)

Temario do curso impartido por Albert Nieto no Xan Viaño:

- 1) Pedal de resonancia, celeste e tonal.
- 2) Dixitación.
- 3) Principios elementais da técnica: relaxación, sensibilización auditiva, desenvolvemento técnico manual, e gama de movementos e ataques.
- 4) Aproximación á música contemporánea: recursos compositivos, formais e de notación.
- 5) Importancia da expresión corporal: traballo práctico nalgunha peza.

DESENVOLVEMENTO DO CURSO

A duración do curso foi dende o día 7 ata o día 8 de febreiro (sábado e domingo).

Durante toda a xornada, estivemos tocando o piano, Albert Nieto estivo a explicarnos como quedarían mellor a dixitación e pedalización nas pezas que estabamos a tocar.

Durante o domingo pola mañá, estivo a nos ensinar como funcionaba o pedal de resonancia celeste e tonal; tamén nos ensinou a utilizar o pedal de resonancia ó noso gusto. Deunos unhas partituras para dixitar, logo as corriximos.

Escoitamos unhas cancións nas que se escoitaba claramente a articulación das mans e o cambio do pedal, mentres as escoitabamos deunos unhas fotocopias cos tipos de pedalizacións posibles.

Cando rematou o curso deulle a cada un dos participantes un diploma acreditativo de participación do curso.

As definicións das pedalizacións dadas no curso son:

- **Pedal de resonancia:** serve para que as cordas sigan vibrando cando se deixa de pulsar a tecla conseguindo alargar a duración do son.
- **Pedal tonal:** consiste en manter durante un tempo determinado a mesma nota ou acorde; a diferenza do pedal de resonancia, a nota pedal non se ve alterada polas que se toquen despois.
- **Pedal celeste:** modifica o timbre, porque en vez de golpear tres cordas faíno en dúas, producindo unha diminución da potencia sonora e alterando así a timbre.

Outra definición é a da dixitación, que é o que se representa nas partituras mediante pequenos números sobre as notas; representan os dedos da man contando do un ó cinco que van dende o pulgar ao meñique.

OPINIÓN PERSOAL DO CURSO

O curso impartido foi alentador, e dinámico. As dúbidas que foron xurdindo ó longo do curso fóronse resolvendo con bastante rapidez e atención por parte de Albert Nieto. Debido á atención do mestre, os problemas de dixitación e pedalización que tiña aclaráronse. Por isto aconsello a outras persoas que asistan a outros posibles cursos que éste imparta.

ESTE ANO VANSE... (esperemos)

Aquí estades os alumnos dos itinerarios de composición e interpretación. Esperamos que esta etapa de formación vos servise como alimento musical e humano, e desexámosvos a maior das sortes nos vosos futuros proxectos.



os de composición...



...e os de interpretación

Benzón

Guadi Galego ofrece en 'Benzón' unha mestura de música tradicional e de autor en clave folque, jazz e pop. Neste disco conta coa colaboración de protagonistas da escea galega, como Leilía, Narf, Uxía Senlle, Guillermo Fernández ou Suso Iglesias (profesor de acordeón no "Xan Viaño")




Dende Cedeira nos chega unha refrescante proposta musical dunha das figuras musicais de maior relevancia no folque en Galicia. Deixando atrás a súa etapa como integrante de Berrogüetto, Guadi afronta unha nova etapa en solitario con **Benzón**, un disco no que participan músicos da talla de Guillermo Fernández (Berrogüetto), Germán Díaz, Pedro Lamas (Luvas Verdes, Nova Galega de Danza), Pedro e Pablo Pascual, Abe Rábade, Suso Iglesias, e un longo etcétera. Pero entre este amplo abano de persoas, estilos e influencias xorde a cálida voz de Guadi que nos volve a demostrar cómo repertorios tan diferentes como o jazz ou as músicas de raíz, se poden fundir nunha preciosa mestura de contrastes e vivencias que renacen en forma de tesouro musical. E dicimos volve, porque paralelamente a Berrogüetto, Guadi participou na creación de proxectos de fusión como Nordestin@s,

xunto a Uxía Pedreira e Abe Rábade, ou Espido, un proxecto intimista na que a súa voz cabalga á mesma altura que a talentosa guitarra de Guillermo Fernández. Volvendo a **Benzón**, Uxía Senlle nos describe a súa visión do mesmo:

"Guadi Galego devece pola música tradicional galega. As súas cancións teñen ese sabor vello e novo a un tempo. Neste disco tivo o bo ollo de rodearse de grandes músic@s e letristas de aquí que revitalizan e perpetúan cunha visión contemporánea o noso rico e fermoso acervo popular. A inspiración e beleza dos arranxos veu dada quizais, polo amor profundo que profesan á nosa música e tamén ao traballo rigoroso de Guadi neste campo onde aínda hai tanto que arar..."

Por certo, Guadi estudou de nena no Conservatorio de Ferrol.

ENDL



(Fotos: www.guadigalego.com)

O Xan Viaño solidario

Ao lado da Residencia “Arquitecto Marcide” atópase o CAMF (Centro de Atención a Minusválidos Físicos), onde se celebrou xunto con membros do noso conservatorio o día das Letras Galegas.

O domingo 17 de Maio, algúns dos profesores, alumnos e persoal non docente deste conservatorio, en lugar de disfrutar dun día de ocio, decidiron disfrutar dun día solidario, participando nesta actividade.

Este fermoso día foi posible grazas á mediación de Rita Lázare, nai de Xosé André Muñiz (alumno de gaita no Xan Viaño), e de Ana Paz (ambas traballadoras do CAMF).

O acto consistiu en fiar a lectura de textos de escritores galegos, parte que lle correspondeu aos residentes do centro anfitrión, coa música que interpretou o alumnado do Xan Viaño.

Na parte musical actuou en primeiro lugar un grupo de gaitas da clase de Iván Abal, e en segundo lugar Eusebio López dirixiu a banda infantil.

O Vicedirector Marcos Galán e o noso conserxe Manuel Sande tamén estiveron alí participando na organización.

Animamos a todo o mundo a organizar e participar neste tipo de actividades. Grazas a todos os que fixeron posible este acto!.

ENDL



O óboe: o gran descoñecido



Por Iria Folgado, 1º G.P.

Lembrádesvos da película *A Misión*, na escea onde o pai Gabriel tocaba un pequeno instrumento co que chamaba aos guaraníes? Ese instrumento cun son melodioso e tenro é un gran descoñecido para moitos: o óboe.

É coñecido dende a antigüidade, e foi evolucionando no espazo e no tempo cunha ampla diversidade. Hoxe en día o óboe moderno representa a todo esta familia, sendo moi importante na orquestra dando o Lá para os demais instrumentos. Posúe unhas chaves que serven para facilitar calquera pasaxe musical. O seu son distínguese dos demais instrumentos por ser nasal, penetrante e aterciopelado.

Eu atopeime á idade de nove anos, sen buscalo nin pensalo, con este instrumento daquela descoñecido tamén para min. Comecei a tocalo e a disfrutar da súa sonoridade, e hoxe, uns anos despois, podo dicir que foi o acontecemento máis grande que me pasou. É para min coma un compañeiro ao que vas coñecendo, madurando e perfeccionándote con el. A búsqueda dunha boa sonoridade é o principal obxectivo do oboísta durante toda a súa carreira, eu sigo esta búsqueda ao longo da miña vida.

A título persoal, como oboísta, pódovos dicir que ten un son de carácter agreste, cheo de tenrura e incluso eu diría timidez, que expresa o candor, a inxenua gracia, o doce gozo, por iso é de inestimable valor para a interpretación de melodías, sendo un símbolo de pureza e inxenuidade cando se trata de describir os caracteres humanos.

Invítovos, se tedes ocasión, a escoitar e coñecer este descoñecido, pero marabilloso instrumento, como vos dicía ao comezo deste relato no tema “Gabriel’s oboe” da banda sonora de Ennio Morricone na película de 1986 *A Misión*.

ESCOLLESTES UNHA, PERO HABÍA MÁIS...


O Concurso de Fotografía para Falamus foi certamente emocionante. Os 481 votos totais estiveron repartidos de forma desigual entre os finalistas, aínda que entre un pequeno grupo delas a cousa estivo que ardía ata o último momento. Tan só dous votos decidiron a portada deste número, feita por Rita Calvo. Aquí tedes todas as finalistas.



Rita Calvo



Fran Nieto



Margarita Salgado



Begoña Álvarez



Javier Prado



Emma Urango



Emma Urango



Antonio Blanco



Begoña Álvarez




Iria Folgado



Iria Folgado



Iria Folgado



Begoña Álvarez



Carlos Lara



Begoña Álvarez

CONCURSO DE CORDA FROTADA E PULSADA “XAN VIAÑO” PARA ALUMNOS DE GRAO ELEMENTAL

Durante os días 27 e 28 de Marzo tivo lugar no noso centro o I Concurso de Corda Frotada e Pulsada “Xan Viaño”. Gracias á minuciosa batuta de M^o José Carralero Conde desenvolveuse a actividade baixo un ambiente tan sobrio como profesional.

O tribunal estivo composto por Javier Cedrón (violinista), Jose Manuel Yañez (director do noso centro), Vincenzo Scervo (director comercial da casa Salvi en España) e M^a Rosa Calvo Manzano (Arpista de nome internacional). Moitas grazas aos patrocinadores do concurso (Arlu, Mundimúsica, Musical Pontevedra e a casa Salvi).

Tivemos a sorte de contar con participantes dos conservatorios de Lugo, A Coruña, Santiago de Compostela e Ferrol. Para todos aqueles que non viñestes quedades invítadísimos para a próxima edición.

A entrega de premios desenvolveuse nun ambiente moi espontáneo, e para finalizar disfrutamos dunhos pinchos. O fallo do tribunal foi o seguinte:

PREMIOS 1º G.E.:

- 1º) Ana Dopico Orjales (Arpa-CMUS Ferrol)
- 2º) Marcos Grandal Tojeiro (violonchelo-CMUS Ferrol)
- 3º) Daniel Rodríguez Castiñeira (violín-CMUS Lugo)

PREMIOS 2º G.E.:

- 1º) M^a Abril Vizoso Blanco (arpa-CMUS Ferrol)
- 2º) Inés Prado Acebo (guitarra-CMUS Ferrol)
- 3º) Carmen Villar Varela (violonchelo-CMUS Lugo)

PREMIOS 3º G.E.:

- 1º) Aitor López Gómez (violín-CMUS Lugo)
- 2º) Pablo Rey Fernández (guitarra-CMUS Santiago)
- 3º) Sonia Gerrero Martínez (arpa-CMUS Ferrol)

PREMIOS 4º G.E.:

- 1º) Manuel Lorenzo Valentín (violonchelo-CMUS Santiago)
- 2º) Celtia López Menéndez (violín-CMUS Lugo)
- 3º) Elena Fernández Zas (viola-CMUS Coruña)

Tamén houbo un premio especial ao que optaban

todos os participantes e foi compartido entre M^a Abril Vizoso Blanco e Manuel Lorenzo Valentín.

Despois do éxito desta primeira edición esperamos organizar este concurso con carácter bianual.

ENTREVISTA COA GAÑADORA M^a ABRIL VIZOSO

Por Andrea Puy

Que che impulsou a presentarte ao concurso de corda?

Tiña ganas de tocar e pasalo ben tocando

Como resumirías a obra que che fixo gañar?

Recórdame sentimentos como de antigüidade e misterio

Estás dacordo coa resposta do xurado?

Cres que había moita competencia ou dende o comezo te vías gañadora?

A competencia era grandísima e o premio foi unha sorpresa enorme para min.

Contaremos coa túa participación na próxima edición?

Por suposto, e tamén en todos os outros concursos que se organicen.

Que recibiches de premio?

Unha placa e un diploma, ademáis, todos os concursantes recibiron un disco como agasallo por térense presentado.

Falemos agora da arpa:

Como aparece a arpa na tua vida?

Cando tiña nove anos e comencei no conservatorio, gustoume moito o son.

Canto estudas?

Polo menos 5 horas á semana, pero non chegan a nada.

Estás a gusto no conservatorio?

Moito.

Que cambiarías?

Faríao aínda máis grande para que haxa máis xente, máis aulas e sobre todo máis música.

Cal foi o último concerto ó que asistiches?

O ballet ruso da Bela Durminte.

16 de maio, festexos polas Letras Galegas no salón de actos “José Arriola” do Xan Viaño

O Sábado 16 de Maio celebramos o día das letras galegas no conservatorio, en primeiro lugar facendo unha homenaxe á nosa lingua coa celebración do certame de conto musicado *C@ntemus* no que os nosos alumnos fixeron unha demostración da súa creatividade e para o que contamos cun tribunal de excepción formado por Ermitas García (Xefa de Estudos deste centro), Margarida Gomes (profesora da escola Arteduca de Vilanova de Famalicão) e Xurxo Souto (presentador do programa da Radio Galega “Aberto por reformas”).



esperando para participar no concurso...

Os premios foron os seguintes:

- 1º) “A demanda do Santo Barril de Cervexa” de Rita Calvo
- 2º) “Marabillas” de Carlota García
- 3º) “A Cidade dos Falcóns” de Rita Crespo.

Os lazos entre Galicia e Portugal fóronse estreitando ao longo da tarde gracias á intervención de Helena Varela e Marta Varela recordando a biografía do homenaxeado deste ano, Ramón Piñeiro e destacando o seu principal traballo sobre a saudade no que quedan unidos cun mesmo sentimento galegos e portugueses. Seguidamente

foi o turno da brillante actuación dos alumnos da escola Arteduca de Vilanova de Famalicão cuxa orquestra, que fixo a súa intervención sen a directora Elisabete Gomes, estaba formada por integrantes de 9 a 15 anos. A continuación os solistas da escola Arteduca realizaron unhas excelentes interpretacións de obras para os seus respectivos instrumentos.

Para finalizar a tarde e romper fronteiras, Xurxo

Xurxo Souto rompeu fronteiras... Ghaiteiro!

Souto nos fixo disfrutar cun espectáculo de humor galego-portugués acompañado pola música de Crisanto Gándara (Arpa) e Iván Abal (Zanfona).



as nosas presentadoras...

Ao día seguinte, os alumnos da escola Arteduca coñeceron un pouco a cidade de Ferrol, e visitaron o museo de construción naval “Exponav” guiados pola historiadora Manuela Santalla, colaboradora de dito museo.



o xurado coa nosa coordinadora...



por Ferrol...



Os Tres de Trasancos...



Arteduca en acción...



a gañadora! (co seu colaborador)...



alén das fronteiras...

Caderno de Viaxe

A pasada fin de semana, unha expedición do “Xan Viaño” se adentrou nas terras lusas na procura do *quid pro quo* no intercambio co centro ArtEduca de Vilanova de Famalicão. Un venres 22 de maio comezou a aventura, que nos describe Emma Urango no seu Caderno de Viaxe.

Venres 22:

11:00 am: Algúns inconvenientes e contratempos de última hora (autorizacións sen firma, falta de autorizacións, préstamo de instrumentos...) atrasaron a saída da viaxe a Porto 40 minutos.

14:00 pm: Parada nun área de servizo de Vigo. Os alumnos comen un bocata fóra do establecemento, os profes toman outro bocata no bar.

16:00 pm: Chegamos a Porto, entramos directamente na cidade e o chófer nos deixa na porta do Hotel Ipanema, na rúa Alegre, no barrio de Vista Alegre, cerca da **Casa da Música**, que é unha sala de concertos deseñada polo holandés



o recibimento

Rem Koolhaas, e acolle tres orquestras: **Orquestra Nacional do Porto, Orquestra Barroca e Remix Ensemble**. Temos media hora para instalarnos, limpar os dentes e desfacer as maletas. Espéranos un guía para facer un percorrido pola cidade.

16:30 pm: Non recordo o nome do guía, é un señor maior, có pelo tinguido de castaño escuro que fala moi cerca do micrófono. É unha persoa encantadora cun gran sentido do humor que bromea sobre o estado tan ruinoso dalgúns edificios da cidade, do mal uso da economía, do despilfarro dos políticos...

17:00 pm: Visita guiada polas adegas de vinho de Porto Calem. Explican como se elabora o viño, como envellece, como se transporta, nos amosan fotos e barricas de ata 60.000 litros. Ó final ofrécennos unha cata de viño. Algúns decidimos mercar botellas para regalar a amigos e familiares. Foto de grupo na ribeira do Douro.

20:30 pm: Volta ó hotel e cea. Menú: Pan con manteiga, crema de patacas, raxo e tarta.

23:30 pm: Quedamos todos e todas no hall para saír a dar un paseo nocturno. En recepción explicánnos que a ribeira do Douro está a vinte minutos. Pero pouco a pouco e a medida que avanzamos, descubrimos que está moi lonxe... atravesamos unha ponte á beira do río, cunhas pequenas reixas no chan... os que levábamos deportivas, poidemos andar cómodamente, pero as persoas que levaban tacón pasárono un pouquiño mal. Foi moi divertido. Tardamos cerca de 50 minutos en chegar, os alumnos que regresaban no primeiro turno tomaron un refresco ou xeadado e disfrutaron desas maravillosas vistas media hora, porque tiñamos que voltar xa ó hotel para descansar.

01:00 am: Xa durmimos case todos. Mañá será un longo día.

Sábado 23

9:30 am: Almorzamos cun buffet libre abundante e variado: froita, fiambre, larpeiradas, pan tostado, cereais, zumes, chocolate, té, café, pan...



foto de recordo

10:00 am: Mañá libre. Case todos collemos un autobús urbano (207) dirección centro. Apeámonos na Praça da Liberdade. Visitamos: edificio da universidade, Torre dos Clérigos, varias igrexas, Livraria Lello, estación de tren de Sta. Catarina. A maioría decidiron ir a Sta Catarina para comprar souvenirs, pero nós decidimos visitar a Livraria Lello e o Café Majestic, dous dos locais máis antigos de Porto.

12:30 pm: Volta ó hotel, collemos o autobús polos pelos. Precio do billete: 1.45 euros.

13:00 pm: Comida. Menú: Crema de cenorias, pescado grand mernier con verduras e tarta

14:00 pm: Hall do hotel, vestidos de negro e con instrumentos e partituras.

15:30 pm: Chegada a Vilanova. Casa Camilo, Escola de Estudos Camilianos.

16:00 pm: Concerto. Coro, orquestra e banda.

17:00 pm: Móstrannos a casa onde viviu Camilo Castelo Branco, o escritor máis famoso, respectado e admirado de Portugal xunto Camões ou Saramago. A guía explica como escribía e os seus avatares vitais. Foto de grupo nas escadas da casa.

18:00 pm: Recibimento calurosísimo en Arteduca, a escola de música de Vilanova de Famalicão. Un

grupo folque, ameniza o encontro. A merenda é succulenta, deliciosa e chea de comida tradicional portuguesa. Ensínannos as instalacións e invitan a tomar un vinho de Porto aos profes.

20:00 pm: Volta a Porto, a cea sírvese ás 21:00

21:00 pm: Cena. Menú: crema de verduras con brécol e xudías verdes e carne.

24:00 pm: Todos os que queiran saír deben ser puntuais, os que desexen quedarse no hotel e os menores de idade deben reunirse nunha habitación na cuarta planta baixo a supervisión dun profe.



Alexandra de compras...

Domingo 24

8:00 am: Todos deberían almorzar pero seis persoas quedaron durmidas.

9:00 am: Subimos ó autobús e aínda non estamos todos. Volvemos a saír con retraso. O chófer impaciéntase.

10:00 am: Guía turística e un tour por zonas que non vimos o venres.

12:00 am: Ruta das Seis Pontes en barco. O río Douro a medio día ten moita luz. Pasámolo ben e facemos moitas fotos na pequena travesía.

13:00 pm: Comemos nun restaurante da Ribeira. Menú: pan con manteiga, crema de grelos, carne de tenreira mechada con arroz branco e repolo. Tarta de chocolate.

14:30 pm: Regresamos a Galiza.

Crónica dun concerto:

Javier Cedrón (violín) e Andrés Pazos (piano)

(Traballo de orquestra de Tareixa Rascado Leira sobre o concerto que tivo lugar no Xan Viaño o 28 de abril)

Neste concerto en dúas partes, tocáronse obras de compositores de diferentes periodos musicais: o barroco con obras de J. S. Bach, o clasicismo cunha sonata de Beethoven, e romanticismo con Schubert. Tamén interpretou unha difícil obra de Eugène Ysaÿe para violín só.

As obras para violín de J. S. Bach son as tres sonatas e partitas BWV 1001-1006 que, polo que a Bach se refire, é nestas sonatas e partitas para violín só onde se atopan con maior claridade os problemas técnicos específicos que o autor plantexaba. Ata tal punto chegan estas dificultades técnico-musicais que se chegou a dicir que Bach coñecía moi pouco o violín. Tal falla de rigor científico rebátese precisando que Bach, ademais de comezar na súa infancia estudando o instrumento, aceptou en 1703 o cargo de violinista da capela do Duque de Weimar e en 1714 foi nomeado primeiro violinista director-sustituto da música eclesiástica da mesma corte. Ademais, é imposible pensar que un compositor que non coñeza a fondo o violín, poida imaxinar realizar a fuga en Dó da terceira sonata ou a fuga en Sol menor da primeira, nin a Ciaccona da Partita nº2.

Neste concerto escoitamos o preludio da Partita nº3 e a Ciaccona da Partita nº1, da cal imos falar. Ámbalas dúas foron escritas por Bach en Cöthen en 1720, e son dous dos exemplos cumes deste instrumento, onde unha polifonía moi refinada, técnica e virtuosismo, compoñen pasaxes memorables como na célebre Ciaccona da Partita nº2.

O mito di que Bach escribiu esta Ciaccona en memoria da súa primeira muller María Bárbara,

morta en 1720, de aí que sexa considerada máis que unha Ciaccona, un tombeau ou un lamento. Esta Ciaccona é unha das cumes para o repertorio do violín dado que cubre todos os aspectos da técnica violinística coñecidos na época, sendo unha das pezas de máis difícil interpretación compostas para o instrumento. A Ciaccona resulta ser unha obra singular pola súa duración (quinze minutos: máis que o resto da Partita) e dificultade técnica, ademais de polos temas que a integran.

En palabras de Brahms:

“A Ciaccona BWV 1004 é na miña opinión unha das obras máis maravillosas e misteriosas da música de cámara. Adaptando a técnica a un pequeno instrumento, un home describe un completo mundo cos sentimentos máis poderosos. Se eu puidera imaxinarme a min mesmo escribindo, ou incluso concebindo tal obra, estou seguro de que a excitación extrema e a tensión emocional volveríanme tolo”

As versións que realizaban os grandes violinistas de principios de século eran pouco respetuosas co texto. Este víase modificado e era empregado coma un medio e non coma un fin. Hoxe escóitanse versións que resultan irreprochables dende o punto de vista da fidelidade ó texto, sen que por elo cada violinista perda o seu selo persoal, nen o seu temperamento, cualidades que deben de estar ó servizo da música e plenamente encaixadas no estilo do autor que se interpreta.

Na interpretación da obra que nos ocupa, foise dun extremo a outro; das versións amaneiradas ó puritanismo dalgúns intérpretes que utilizan arcos de gran curvatura e que incluso prescinden

do vibrato, por dar austeridade ó son e achegalo á suposta forma de facer de entón.

A Ciaccona foi obxecto de numerosas transcripcións, especialmente para piano (Bussoni) e piano tocado só coa man esquerda (Brahms) e tamén para guitarra (Andrés Segovia). Igualmente se transcribiu para órgano e orquestra completa (nunha famosa gravación de 1930 dedicada a Stokowski) así como para fagot (Weisberg). As Partitas e Sonatas para violín só teñen a dificultade de facer que un violín soe como varios o mesmo tempo.

Outra das obras escoitadas neste concerto foi a Sonata nº3 “Ballade” de Ysaÿe, un compositor case descoñecido para min. Ysaÿe, violinista, director de orquestra e compositor belga (Liexa 1858-Bruxelas 1931) estudou no conservatorio de Liexa, onde se graduou con honores en 1873. Formouse con Wieniawski e Vieuxtemps e de 1879 a 1882 tocou coa orquestra Bilse de Munich. No 1886 foi nomeado profesor de violín do Conservatorio de Bruxelas. Nese ano fundou o célebre Cuarteto Ysaÿe, adicado a promover os repertorios belga e francés contemporáneos e co que estreou os cuartetos de Debussy (1893), D’Indy (1891) e o quinteto nº1 de Fauré (1906). En 1894 realizou a súa primeira xira por Estados Unidos coa que obtivo gran éxito e onde foi invitado en 1918 a dirixir a orquestra de Cincinnati. Regresou a Europa en 1922, pero a súa carreira como concertista tiña os días contados, porque lle amputaron unha perna. Foi un dos grandes pioneiros da escola moderna do violín.


Nesta primeira parte do concerto escoitamos tamén a interpretación dunha sonata para violín e piano de Beethoven, esta foi a Op.12 nº1. A última peza do programa foi a sonata para violín e piano D 574 de Franz Schubert.

O artista ante o público

A colocación do violinista ante o público chamoume a atención, xa que estaba colocado á dereita do pianista en dirección á cola do piano, e non como moitas veces me explicaron que nos debemos de colocar, enfrente do pianista e de fronte ó público, xa que así o noso instrumento proxecta o son mellor a toda a sala. Pero a sensación acústica era equilibrada e ambos instrumentos atoparon o lugar común para emocionar ó público. A sala,

agradecida para este tipo de música, encheuse non só de público, tamén de sons, cores, emocións, harmonías, contrapuntos, e demostrou ser unha boa sala de cámara, na que todos os alí presentes disfrutamos dunha velada encantadora.

De sobra é sabido por todos que o público, cando asiste a un concerto, dificilmente perdoa certas poses do intérprete, ás veces excéntricas, e defectos que poden evitarse facilmente con un pouco de boa vontade. Javier Cedrón deunos unha clase maxistral sobre a excelencia musical, sobre a interpretación, sobre as maneiras de estar e sobre a empatía musical.



XAN VIAÑO INFO

Final do curso	1 de xuño
Avaliacións finais	3 de xuño
Titorías fin de curso	4 de xuño
Matrícula curso 09/10 (para alumnos que estiveran no curso 08/09)	do 1 ao 15 de xullo
ACCESO A 1º DE GE (para o próximo curso)	
Matrícula acceso a 1º GE	do 17 de abril ao 12 de xuño
Xornadas sobre instrumentos (asistencia voluntaria)	17 de abril
Probas acceso a 1º GE	22, 23 e 24 de xuño
Solicitud prazas de 1º GE	29 de xuño
Prazo matrícula para os que obtiveran praza en 1º GE	do 1 ao 15 de xullo
ACCESO A 2, 3 e 4º DE GE (para o próximo curso)	
Matrícula acceso	do 27 ao 31 de xullo e 1 de setembro
Probas acceso	7 e 8 de setembro
Prazo matrícula para os que obtiveran praza	10 e 11 de setembro
ACCESO A 1º DE GP (para o próximo curso)	
Prazo matrícula acceso 1º GP	do 4 ao 8 de xuño
Exames acceso 1º GP	o 11 e 12 de xuño
Prazo matrícula para os alumnos que obtiveran praza en 1º GP	do 1 ao 15 de xullo
ACCESO A 2, 3, 4, 5 OU 6º DE GP (para o próximo curso)	
Matrícula acceso a 2, 3, 4, 5 ou 6º GP	do 27 ao 31 de xullo e 1 de setembro
Probas acceso a 2, 3, 4, 5 ou 6º GP	8 ao 9 de setembro
Prazo matrícula para os que aprobaran o acceso a 2, 3, 4, 5 ou 6º GP	10 e 11 de setembro
RECUPERACIÓN SETEMBRO MATERIAS PENDENTES CURSO 2008/09	
Probas de recuperación	1 ao 3 de setembro
Prazo matrícula para o curso 09/10 dos alumnos que foron a recuperación	7 ao 9 de setembro
COMEZO DO CURSO 09/10: SEN CONFIRMAR	